



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Tesourería e Xestión de Tributos. Servizo Central de Recadación

Normas de cobranza (3 v. 2024 - 2 trim. Porto do Son 2024)

Normas de cobranza en período voluntario dos tributos e prezos públicos municipais. Campaña do segundo trimestre do exercicio 2024.

NORMAS DE COBRANZA EN PERÍODO VOLUNTARIO DOS TRIBUTOS E PREZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS.

CAMPAÑA DO SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2024.

PRIMEIRA. CONCEPTOS.- Os valores que se recadarán son as de notificación colectiva por padrón e cobro periódico por recibo, dos seguintes conceptos:

· Taxa Recollida de Lixo (2º TRIMESTRE 2024) do Concello de PORTO DO SON.

SEGUNDA. PERÍODO VOLUNTARIO.- O prazo de ingreso voluntario será do 1 de xullo ao 18 de setembro, ambos inclusive.

TERCEIRA. FORMAS E LUGARES DE INGRESO.- O ingreso poderá realizarse:

Na caixa de calquera das entidades colaboradoras que se indican de seguido, ou tamén en caixeiro automático ou por internet (se a entidade colaboradora elixida dispón deses servizos).

As entidades colaboradoras deberán aceptar e facilitar o pago cando se lle solicite no seu horario normal de atención ao público.

As entidades financeiras autorizadas para colaborar co Servizo de Recadación son as seguintes:

ABANCA

BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA

BANCO SABADELL

BANCO SANTANDER

CAIXABANK

Na Oficina Virtual Tributaria (<https://ovt.dacoruna.gal>), entre outros medios de pago, mediante tarxeta de calquera entidade bancaria, sen custo para o contribuínte.

Nas Oficinas de Correos ou ao persoal de reparto, cun custo para o contribuínte de 1,95 € por cada carta de pago.

CUARTA. DOMICILIACIÓN.- Para a súa maior comodidade, recoméndase aos contribuíntes domiciliar para anos sucesivos o ingreso das súas débedas tributarias en entidades financeiras, conforme co establecido na Resolución da Presidencia núm. 22665/2014, de 12 de novembro, modificada pola Resolución da Presidencia núm. 10810/2021, de 22 de marzo. Os recibos poderán ser domiciliados nun único prazo ou en dous prazos; neste último caso, repartirase a cota a pagar.

QUINTA. ENVÍO DOS DOCUMENTOS DE INGRESO.- Os documentos de ingreso dos recibos non domiciliados en entidades financeiras enviaranse por correo postal ordinario ao domicilio único de cada contribuínte.

Este envío non ten carácter de notificación. A non recepción dos documentos de ingreso no domicilio do contribuínte non exime a este da súa obriga de pago.

Se algún contribuínte non recibe no seu domicilio algún dos documentos de ingreso que precisa **poderá solicitalo** contactando cos **Servizos Tributarios da Deputación a través de correo electrónico** (atencion.tributaria@dacoruna.gal) ou mediante chamada telefónica **gratuita** (900132204). Tamén **poderá facer xestións e consultas** a través da Oficina Virtual Tributaria (<https://ovt.dacoruna.gal>) ou na Sede electrónica da Deputación (<https://sede.dacoruna.gal>).

A atención presencial, para maior comodidade, **poderá realizarse mediante CITA PREVIA** (dacoruna.gal/cita-previa). Dende o día **11 de setembro**, inclusive, non se enviarán novos documentos de ingreso por correo postal.

SEXTA.- REFERENCIAS DE COBRO.- Os documentos de ingreso inclúen dúas referencias de cobro, con importes diferentes:

- A primeira é válida ata o día **18 de setembro**, e o importe que ten asociado é o principal da débeda, sen recarga de ningún tipo.
- A segunda é válida do **19 ao 30 de setembro**, e o importe que ten asociado inclúe o principal da débeda e a recarga executiva do 5%.

Pasada a data de caducidade da segunda referencia xa non se poderán utilizar estes documentos para realizar o ingreso da débeda, polo que deberán solicitarse outros ás oficinas de información tributaria que se relacionan no Anexo.

SÉTIMA. CARGOS DE DOMICILIACIÓNS.- Os recibos que figuren correctamente domiciliados faranse chegar ás respectivas entidades financeiras para que sexan cargados nas contas dos seus clientes o día **14 de agosto**. O prazo para a devolución de cargos pecharase, o día **9 de outubro**; pasada esta data, as entidades financeiras xa non poderán aceptar devolucións, polo que os contribuíntes deberán dirixir á Deputación a correspondente solicitude de devolución de ingresos indebidos, que será tramitada segundo o establecido na normativa tributaria.

OITAVA. Existe a posibilidade de solicitar, para vindeiros exercicios, un **plan individualizado de pagos** de acordo co previsto na Resolución da Presidencia número 43226/2022, do 19 de outubro, (BOP nº 25 de 6 de febreiro de 2023). Deste xeito poderá pagar a totalidade dos recibos dos tributos de cobro periódico en 3 ou 10 mensualidades.

NOVENA. ADVERTENCIA LEGAL.- O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario sen que se teña satisfeita a débeda determinará o inicio do período executivo e polo tanto a esixencia da recarga e dos xuros de mora que en cada momento correspondan. Tamén se liquidarán e esixirán ao debedor as custas regulamentarias orixinadas no dito procedemento.

A Coruña, 20 de xuño de 2024

A Viceteseira,

Ana María Fernández Rodríguez

ANEXO

OFICINAS DE INFORMACIÓN E HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

CITA PREVIA: 900 132 204 e dacoruna.gal/cita-previa

OFICINA/ LOCALIDADE	ENDEREZO	CP	HORARIO
Oficina Virtual Tributaria	www.dacoruna.gal		As 24 horas do día, todos os días
Central / A Coruña	R. Archer Milton Huntington, 24	15071	De luns a venres de 9:00 a 14:00
Ames	R. Ameneiral, 18 (Bertamiráns)	15220	Martes e venres de 9:00 a 14:00
Arteixo	Av/ Arxenio Iglesias, 46 (Pol. Sabón)	15142	De luns a venres de 9:00 a 14:00
Arzúa	R. Pai Pardo, s/n	15810	Mércores e venres de 9:00 a 14:00
Betanzos	R. Pintor Seijo Rubio, 8 (local 5)	15300	De luns a venres de 9:00 a 14:00
Corcubión	Pz. de José Carrera, 1B (Concello)	15130	De luns a venres de 9:00 a 14:00
Ferrol	R. Naturalista López Seoane, 5 (Esteiro)	15403	De luns a venres de 9:00 a 14:00
Narón	Pz. do Concello, s/n (Xuvia)	15570	Luns e mércores de 9:00 a 14:00
Negreira	R. Castelao, s/n (Antigo Instituto EM)	15830	Mércores e venres de 9:00 a 14:00
Ordes	R. Nova, 23	15680	Mércores e venres de 9:00 a 14:00
Ortigueira	Av/ Escola de gaitas, 39B	15330	Martes e xoves de 9:00 a 14:00
Ribeira	R. Miguel Rodríguez Bautista, 42	15960	Martes e xoves de 9:00 a 14:00
Santiago de Compostela	R. Fernando III o Santo, 9	15701	De luns a venres de 9:00 a 14:00